

BASES DA CONVOCATORIA “CAMPAMENTO DE VERÁN 2019”

1.- CONTIDO

O Concello de Salvaterra de Miño organiza o “Campamento de Verán 2019” coa finalidade de proporcionar actividades de carácter educativo e lúdico e facilitar á conciliación da vida laboral, familiar e persoal.

2.- NÚMERO DE PRAZAS:

O número de prazas coas que conta o “Campamento de Verán 2019” é de 60. Das cales 1 será reservada para axudas de emerxencia social, e 4 para nenos con necesidades especiais (que cumpran o punto 3.2 destas bases)

3.- PERSOAS DESTINATARIAS

3.1-Poderán solicitar a súa participación no “Campamento de Verán 2019” os nenos e nenas nados entre os anos 2006 e 2015.

3.2- As persoas que teñan unha discapacidade igual ou superior ao 33% poderán participar nesta convocatoria sempre que teñan capacidade de integración nun grupo e que as súas necesidades especiais lles permitan participar e beneficiarse das actividades que se van desenvolver, o que deberá ser acreditado mediante informe médico, educativo ou social.)

4.- LUGAR DE CELEBRACIÓN

O campamento desenvolverase no C.E.I.P **Plurilingüe Infante Felipe de Borbón en Salvaterra de Miño.**

5.- DATAS E HORARIOS

O campamento de verán desenvolverase do 1 de xullo ao 30 de agosto de luns a venres en horario de 9:00 horas ás 14:00 horas.

Nas solicitudes se pode elixir quincena , mes ou dos meses.

6.- INSCRIPCIÓNS

O prazo para presentar as solicitudes comezará o día 3 de xuño e rematará o día 17 de xuño.

As solicitudes poderán ser presentadas no Rexistro Xeral do Concello de Salvaterra (de luns a venres en horario de 8.30 horas a 14.00 horas) ou a través da Sede Electrónica (concellodesalvatererra.sedelectronica.gal) en calquera hora ou día durante a vixencia do prazo de inscrición.

Os formularios de inscrición poden recollerse no departamento de Cultura do concello (de luns a venres de 8:00 horas a 14:00 horas) ou descargarse da páxina Web municipal www.concellodesalvatererra.org

7.- PREZO

Os prezos públicos para o “Campamento de Verán 2019” foron aprobados na xunta de goberno do Concello de Salvaterra, de conformidade co establecido na Ordenanza Xeral de prezos públicos publicado no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra BOP nº 124 do 30/06/16.

Tarifa xeral	
“Campamento de Verán” quincena	25,00 euros
“Campamento de Verán” mes	50 euros

TARIFA BONIFICADA

- Bonificación: As familias numerosas terán dereito a unha bonificación do 25%.
(non acumulables con outras bonificacións)
- Bonificación: Coa incrición de dos fillos, o segundo terá dereito a unha bonificación do 10%.
- Exención: Gozarán da exención deste prezo público os menores que no seu caso sexan derivados polo Departamento de Servicios Sociais deste Concello.

8.- SELECCIÓN DE PARTICIPANTES

Unha vez rematado o prazo de presentación de inscricións, adxudicaranse as prazas orden de rexistro.

9.- DOCUMENTACIÓN NECESARIA PARA FORMALIZAR A INSCRICIÓN

- **Solicitud de inscrición**
- **Fotocopia de tarxeta familia numerosa**
- **Para as familias monoparentais:**
 - ✓ Documento oficial acreditativo da súa situación: sentenza xudicial de separación/ divorcio ou xustificación de interposición da demanda de separación/ divorcio
- **No caso de persoas con discapacidade**
 - ✓ Certificado acreditativo do grao de discapacidade e copia do ditame técnico facultativo, emitido polo equipo de valoración e orientación correspondente
- **Outra documentación**
 - ✓ Documentación relevante sobre datos médicos (enfermidades, alerxias, medicación) ou situacións familiares que sexa preciso coñecer para o bo desenvolvemento da actividade

10.- PROCESO DE SELECCIÓN

O proceso de selección será o seguinte:

- ✓ Publicación dunha listaxe provisional de admitidos/as por entrada de rexistro o 17 de xuño , no taboleiro de anuncios do Concello, e na páxina Web do Concello.
- ✓ Enmendar erros e/ou falta de documentación e presentación de reclamacións do 18 de maio ao 19 de xuño
- ✓ Publicación da listaxe definitiva de admitidos/as e da listaxe de agarda cos/as solicitantes excluídos que seguirá a orde que resulte da entrada por rexistro: o día 20 de xuño no taboleiro de anuncios do Concello, e na páxina Web do Concello.

En función das baixas que se produzan na actividade os nenos/as accederán ao campamento seguindo a orden na que figure na lista o que será debidamente notificado por teléfono e/ou correo electrónico.

- ✓ Confirmación da praza co pago da matrícula no número de conta que se facilitará: do día 20 de xuño ata o día 26 de deberase ademais remitir o xustificante de pago do importe da actividade ao concello mediante fax (986 383113), correo electrónico (animacion@concellodesalvaterra.org) ou presencialmente. No caso de non abonarse o importe no prazo sinalado entenderase como unha renuncia e a lista correrá segundo a orde que resulte da entrada por rexistro.

12.- RENUNCIA DE PRAZA

As persoas solicitantes que, tras obter praza desexen renunciar a ela antes de ter realizado o ingreso da cota da matrícula, deberán comunicalo por teléfono ao nº **986 65 81 26** ou por correo electrónico ao seguinte enderezo electrónico animacion@concellodesalvaterra.org antes do día 26 de maio de 2019.

En caso de faltar máis de tres veces ao campamento sen causa xustificada, o neno quedará fóra do campamento, pasando a obter praza ao neno que corresponda da lista de espera.

13.- DEVOLUCIÓN DO IMPORTE

Unha vez realizada a inscrición e o correspondente abono para participar na actividade, se o neno/a non acude, só procederá a devolución do importe ingresado, si se xustifica con anterioridade ao inicio do campamento e por causa debidamente xustificada, en ambos casos previa presentación de solicitude. En caso contrario non procederá a devolución do importe.

En caso de faltar máis de tres veces ao campamento sen causa xustificada, o neno quedará fóra do campamento, e non se lle devolverá o importe do campamento.

14.- PUBLICIDADE DA ACTIVIDADE

As bases para o campamento da presente convocatoria se atopan, no taboleiro de anuncios do Concello de Salvaterra e na páxina Web do Concello.